



**FUNDACIÓN PÚBLICA CIDADE DA
CULTURA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a “creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
4	COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
4	PA03	POTENCIAR A CULTURA E A LINGUA GALEGA ELEMENTOS CLAVESOCIEDADE INCLUSIVA COHESIONADA

Os presentes orzamentos e plan de actuación debe encadrarse no PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2022-2030 (aprobado polo Consello da Xunta o día 10 de marzo de 2022):

Eixe 4: Cohesión Social e Territorial

Prioridade de actuación. PA03. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír una sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía.

Obxectivo estratéxico/instrumental: E01. Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

Obxectivo operativo 0003. Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar una estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.

No exercicio 2023, cinco son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

1) No eido da promoción e comunicación, estes orzamentos marcan o inicio dunha etapa cuxas prioridades veñen definidas no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura (2022-2027). Ademais da programación regular e da necesidade dunha reserva para a difusión de actividades non definidas a día de hoxe, apuntamos consideracións relevantes xa que orixinan necesidades de comunicación novas ás que Cidade da Cultura deberá dar resposta no 2023:

- A consolidación e ampliación do programa de itinerancias expositivas, que conleva a organización de accións de comunicación (roldas de prensa, anuncios a medios, campañas de promoción...), así como a produción de materias de comunicación para as mostras que se exhiben fóra da Cidade da Cultura.

- A decisión de situar as REGA -Residencias Artísticas do Gaiás- como liña de traballo prioritaria, conectada co obxectivo do Plan Estratéxico de apoiar a creación. Tras a experiencia da edición de 2022, podemos contar cunha estimación dos custes.

- O proxecto do Centro de Artes Dixitais, como principal proxecto construtivo. Precisamente coa experiencia do Fontán, podemos estimar o volume de accións (presentacións, materiais, fotografías, dossieres...) que conleva a comunicación dunha infraestrutura desta dimensión.

- A recuperación da demanda de materiais de difusión en papel. O parón da pandemia conlevou unha redución do orzamento para este servizo, mais a recuperación progre-

siva volve situar en niveis semellantes a 2019 as necesidades de impresión, co incremento derivado do aumento da actividade da CdeC.

- Previsión dunha reactivación da actividade do Centro de Emprendemento tras un periodo de indefinición.
- Incremento da demanda de servizos de deseño por parte da Fundación.
- O encarecemento das tarifas de publicidade online nos soportes empregados (Meta, Google...).
- O encarecemento das tarifas de publicidade exterior.

2) No que atinxe á programación cultural, os eixos da programación cultural sintetízanse, ademais dos cinco capítulos principais (exposicións, música e escena, letras e pensamento, actividades en familia, e visitas-accións divulgativas), nunha nova liña vencellada ao II Plan Estratéxico, como é o apoio á creación artística, a través, sobre todo do programa de Residencias Artísticas. A Cidade da Cultura cumpre co obxectivo de favorecer e promocionar os procesos de creación e xeración de contidos en todos os eidos das artes e a cultura, converténdose nun produtor de contidos de calidade, especialmente expositivos, para espazos culturais de Galicia e do exterior, e establecendo pontes e relacións bidireccionais entre o Gaiás e outras institucións e realidades, consolidando á Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego. Neste senso, destaca á aposta polos seguintes programas de apoio á creación artística (programa de Residencias artísticas e literarias, xa iniciado no ano 2021, intervencións en Torres Hedjuk, "Clásicas Desfeitas"), así como ás itinerancias das exposicións "Laxeiro" e "Cidades no Tempo". Outro dos obxectivos aos que contribúen os presentes orzamentos é o da colaboración e soporte de iniciativas con institucións culturais e educativas, promovendo o traballo colaborativo (Instituto Cervantes, Banco Sabadell, Afundación,...). Prevese catro grandes exposicións para o 2023:

"Camiños Creativos", que, mediante a petición de obra, relaciona a Cidade da Cultura con importantes recintos museísticos españois (Museo do Prado, Museo Reina Sofía, Thyssen de Málaga, Museo de Bellas Artes de Bilbao), e europeos (Reino Unido, Austria, Dinamarca, Francia e Italia).

"Detrás do Espello", mostra que pretende explorar sobre a biografía e o traballo dunha serie de autores foráneos que imaxinaron, construíron e proxectaron Galicia na súa obra, xa fora a partir de representacións sobre referentes reais ou inventados.

Exposición centrada na posta en valor do papel da muller na creación plástica.

"100 anos do Seminario de Estudos Galegos", lembrando esa institución de carácter cultural e científico adscrita á Universidade de Santiago de Compostela que fundou en 1923 un grupo de estudantes da mesma.

- Desenvolvemento dunha programación cultural de distintos formatos e ámbitos de interese para a sociedade, estendendo a súa acción ao dixital e explorando as relacións entre a cultura, o territorio e a paisaxe. Continuidade da programación familiar, das visitas e accións divulgativas (combinando o presencial co virtual) e medioambientais, e dos ciclos como Atardecer no Gaiás e Escenas do Cambio.

3) Polo que respecta ao Centro de Emprendemento, o 2023 acollerá as novas iniciativas culturais e creativas (factoría de industrias culturais), convocadas ao longo do ano 2022 ao abeiro do novo Regulamento do Centro de Emprendemento, iniciativas que serán obxecto de especial atención, na súa titorización e desenvolvemento da idea de negocio. Igualmente, comezarán a establecerse sinerxias entre a Cidade da Cultura e entidades sen fins lucrativos e entidades de economía social para o desenvolvemento de obxectivos concorrentes, entidades estas últimas que, previamente, foron seleccionadas no 2022 para a súa ubicación temporal no Centro de Emprendemento.

4) No que se refire á rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás, nun contexto que, en boa parte, estará marcado tamén polo acollemento, na Cidade da Cultura, da celebración do xuízo do Alvia no edificio CINC, durante o primeiro semestre do ano 2023. A posta en funcionamento de elementos comúns do Edificio Fontán (auditorios, pequenas aulas) ao longo do ano 2022, provocou un aumento da oferta de espazos, sendo o ano 2023 o que debe consolidar o uso de ditos espazos para a cidadanía galega.

5) No capítulo de investimentos, varios son os proxectos de interese cunha execución importante no ano 2023, aliñados cos obxectivos do II Plan Estratégico para a Cidade da Cultura de Galicia.

- Centro de Arte Dixital. Creación do centro na planta inferior do Edificio Fontán dotándoo de espazos e equipamentos punteiros no eido da creación dixital. Nel, desenvolveranse actividades innovadoras de apoio á creación dixital, á investigación en torno as novas disciplinas artísticas e á formación e soporte para creadores e artistas en distintos campos da industria cultural e creativa. Fomentarase a cultura dixital mediante distintas tecnoloxías innovadoras nos eidos da artes dixital, simuladores, realidade aumentada, representacións inmersivas do patrimonio natural e cultural, tecnoloxías innovadoras para videoxogos ou NFTs. No 2023 pretende abordarse a execución do proxecto, así como deseñar un plan de programación que promova a creación dixital e a incorporación de tecnoloxía neste ámbito.

- Edificación sobre a estrutura baleira do Xardín Teatro, ofrecendo unha solución arquitectónica e paisaxística, aliñados cos obxectivos estratéxicos da Cidade da Cultura, para a estrutura a media rematar sita no Xardín do Teatro.

- Proxecto de accesibilidade universal, para mellora do tránsito peonil no complexo.
- Captación e mellora da rede de auga, dentro dos obxectivos da sostibilidade medioambiental.
- Remodelación do campo de lecer e do acceso vial Norte.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2023	2024	2025
OE01	ESTIMULAR PRODUCCIÓN CULTURAL E DISTRIBUCIÓN	15.696.026	13.973.322	11.031.118
	TOTAL	15.696.026	13.973.322	11.031.118

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
0003	desenvolver dende a CdC programa interdisciplinar de acción cultural	15.696.026	13.973.322	11.031.118
	TOTAL	15.696.026	13.973.322	11.031.118

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
01	EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS	117	150	150	NÚMERO EVENTOS
02	ASISTENTES A ACTIVIDADES CULTURAIS	143.770	175.000	175.000	NÚMERO DE PERSOAS
03	APOIO DIRECTO Á CREACIÓN	23	25	25	NÚMERO DE ACCIÓNS
04	PROXECTOS INVESTIGACIÓN	20	25	25	NÚMERO DE PROXECTOS
05	PARTICIPACIÓN CON ARTISTAS EMERXENTES	87	100	100	NÚMERO ARTISTAS EMERXENTES
06	XERACIÓN DE CONTIDOS	18	20	20	NÚMERO DE INICIATIVAS
07	ACTIVIDADES DIDÁCTICAS	23	25	25	NÚMERO DE ACTIVIDADES
08	DIVULGACIÓN MEDIOAMBIENTAL	9	10	10	NÚMERO DE EVENTOS
09	DIVULGACIÓN PATRIMONIO GALEGO	21	20	20	NÚMERO DE EVENTOS
10	INTERNACIONALIZACIÓN	10	10	10	NÚMERO DE ACCIÓNS
11	EVENTOS ALLEOS A ACCION CULTURAL	300	450	470	NÚMERO DE EVENTOS
12	OCUPACIÓN ESPAZOS CEM	95	100	100	PORCENTAXE OCUPACIÓN
13	ACCIÓNS NO CEM PARA INICIATIVAS E EMPRESAS	10	15	15	NÚMERO ACCIÓNS
14	SOCIOS CLUB GAIAS	5.700	6.000	6.500	NÚMERO SOCIOS
15	SEGUEMENTO EN REDES SOCIAIS	105.000	110.000	120.000	NÚMERO SEGUEDORES
16	IMPACTOS EN MEDIOS COMUNICACIÓN	1.900	2.000	2.000	COBERTURA E DIFUSIÓN ACCIÓNS COMUNICACIÓN

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
17	ROLDAS PRENSA E ACTOS PRESENTACIÓN	60	60	60	NÚMERO DE ACTOS
18	USUARIOS BBDD PARA RECIBIR INFORMACION	17.100	18.000	19.000	NÚMERO SUBSCRICIÓN
19	ACCESOS PÁXINA WEB cidadecultura.org	400.000	450.000	500.000	NÚMERO ACCESOS
20	NOTAS PRENSA ENVIADAS A MEDIOS	115	120	120	NÚMERO NOTAS DE PRENSA

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2023	CONCELLO
ACCESIBILIDADE UNIVERSAL	2.022	2.024	300.000	150.000	1538078
ACONDIC. ESPAZOS EDIF CINC-AMTEGA	2.022	2.023	300.000	50.000	1538078
ACONDICIONAMENTO LINDES	2.023	2.023	130.000	130.000	1538078
AUDIOVISUAIS SALAS/AUDIT E EQUIP/APLICACIONES	2.023	2.023	125.000	125.000	1538078
CAPTACIÓN E MELLORA REDE AUGA	2.023	2.024	150.000	75.000	1538078
CENTRO DE ARTES DIXITAIS	2.022	2.025	4.500.000	2.100.000	1538078
COMPACTOS E EQUIP. BIBLIOTECA	2.022	2.023	100.000	75.000	1538078
ELEMENTOS MUSEOGRÁFICOS E EXPOSITIVOS	2.022	2.025	254.000	90.000	1538078
ESTRUTURA BALEIRA TEATRO	2.022	2.024	1.500.000	800.000	1538078
MELLORA ENTORNO AP9	2.022	2.023	220.000	150.000	1538078
MELLORA SALA EISENMAN	2.023	2.023	100.000	100.000	1538078
OUTRAS DOTACIÓN E EQUIPAMENTOS			200.000	0	1538078
PROTECCIÓN SOLAR EDIFICIO CEM	2.023	2.024	100.000	38.000	1538078
REMODELACIÓN ACCESO VIAL NORTE	2.023	2.024	150.000	15.000	1538078
REMODELACIÓN CAMPO DE LECER	2.022	2.023	400.000	350.000	1538078
RENOVACIÓN PÁXINA WEB	2.023	2.024	152.000	52.000	1538078
		TOTAL	8.681.000	4.300.000	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.492.390	9.903.636	4.300.000
TOTAL	1.492.390	9.903.636	4.300.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2023	2024	2025
AXUDAS, PATROCINIOS E COLABORACIÓNS	1.600.000	1.400.000	1.400.000
INGRESOS PATRIMONIAIS	873.917	600.000	630.000
INGRESOS POR ACTIVIDADE MERCANTIL	15.000	15.000	15.000
INGRESOS POR ACTIVIDADE PROPIA (VENDA ENTRADAS)	33.000	20.000	20.000
OUTROS INGRESOS	15.000	20.000	10.000
TRANSFERENCIAS CAPITAL	4.300.000	3.437.000	324.000
TRANSFERENCIAS CORRENTES	8.859.109	8.481.322	8.630.093
TOTAL	15.696.026	13.973.322	11.029.093

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
CONSELLERÍA PROMOCIÓN EMPREGO E IGUALDADE		96.327	32.109
CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE	6.587.383	6.480.052	8.485.722
TOTAL	6.587.383	6.576.379	8.517.831

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Nº Empregados	30	34	33
Custo Total	1.268.506	1.361.736	1.492.390
Custo Medio	42.284	40.051	45.224

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
621 ALUGUEIROS E RENTING	4.620	1.740	12.600	0	0
622 REPARACIÓNS, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO XERAL	941.883	950.300	1.295.812	1.321.728	1.348.162
623 SERVIZOS PROFESIONAIS	212.567	135.965	159.042	138.222	140.987
624 TRANSPORTE	51.730	68.975	309.741	200.000	200.000
625 PRIMAS SEGUROS	101.007	169.902	111.005	130.000	130.000
626 SERV. BANCARIOS	110	79	200	200	200
627 PUBLICIDADE/INFORMC/RR.PP.	514.018	479.627	702.114	723.178	744.873
628 SUBMINIST (AUGA, ENERXÍA)	1.653.087	2.117.070	4.271.124	3.416.899	3.416.899
629 OUTROS SERV (PROG CULTURAL, LIMPEZA, SEGUR)	3.358.387	3.325.445	2.871.838	2.957.994	3.046.733
TOTAL	6.837.409	7.249.103	9.733.476	8.888.221	9.027.854

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
DOTACIÓN AMORTIZACION INMOB. MATERIAL	8.696.182	7.445.787	6.458.305
DOTACIÓN AMORTIZACIÓN INMOB. INTANXIBLE	43.506	52.226	16.582
TOTAL	8.739.688	7.498.013	6.474.887

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
AMTEGA	529.524	250.000	50.000
CONSELLERÍA CULTURA EDUCACION E UNIVERSIDADE	7.652.312	4.250.000	4.250.000
INEGA	8.251	0	0
TOTAL	8.190.087	4.500.000	4.300.000

Remanente de Tesourería

	2021	2022
1. Fondos líquidos	4.750.046	3.691.748
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	18.392.928	18.518.780
Do orzamento corrente	18.392.928	18.518.780
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	2.058.849	1.737.991
Do orzamento corrente	2.058.849	1.737.991
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	21.084.125	20.472.537
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	21.084.125	20.472.537

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIONS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
INMOBILIZADO INTANXIBLE	55.055	16.577	52.000
INMOBILIZADO MATERIAL	9.855.468	3.583.423	4.248.000
TOTAL	9.910.523	3.600.000	4.300.000

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A totalidade do orzamento de explotación financiarase cos ingresos propios da Fundación, sobre todo con ingresos patrimoniais, complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia, previstas no presente orzamento. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta:

8.485.722,00 € (Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades)

32.108,92 € (Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade): Programa de Primeira experiencia profesional na AAPP (Anualidade 2023)

As aplicacións de capital financiaranse con cargo á subvención de capital outorgada pola Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao axente financiador:

- Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades: 4.250.000,00 €
- Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA): Adecuación Edificio CINC para oficinas AMTEGA: 50.000,00 € (anualidade 2023)

Por outra banda, para o reforzo de servizos e equipamentos para a celebración da vista oral do xuízo do accidente do ALVIA, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes fixo un encargo de xestión á Fundación, no mes de xullo de 2022. A anualidade prevista para o ano 2023 derivado dese encargo, ascende a 621.172,94 €.

Cumprindo cos obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple achegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.01

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Activo non corrente		230.700	226.802	224.627
I. Inmobilizado intanxible		109	66	101
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas	57	19	58	
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmobilizado intanxible	52	47	43	
II. Bens do patrimonio histórico	709	855	945	
1. Bens inmobles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas	338	338	338	
4. Museos	370	517	607	
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmobilizado material	226.883	222.881	220.581	
1. Terreos e construcións	192.617	216.249	211.974	
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material	8.306	5.845	5.012	
3. Inmobilizado en curso e anticipos	25.960	787	3.595	
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	3.000	3.000	3.000	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	3.000	3.000	3.000	
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente	23.253	22.311	22.790	
I. Existencias	101	95	95	
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados	101	95	95	
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	9	4	4	
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	18.393	18.519	20.050	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			1	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios	137	58	150	
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	18.255	18.460	19.900	
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.01

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo		1	1
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	4.750	3.692	2.639
	1. Tesourería	4.750	3.692	2.639
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	253.954	249.113	247.417

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.02

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) Patrimonio Neto		247.523	243.969	241.790
A-1) Fondos propios		42.933	42.824	41.635
I. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
1. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		-1	-1	-1
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		-1	-1	-1
III. Excedentes de exercicios anteriores		-16.346	-18.236	-18.346
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-16.346	-18.236	-18.346
IV. Excedente do exercicio		-1.891	-110	-1.188
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		204.590	201.146	200.155
I. Subvencións		190.012	186.572	185.585
II. Doazóns e legados		14.578	14.574	14.569
B) Pasivo non corrente		2.368	2.336	2.304
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo		2.368	2.336	2.304
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		2.368	2.336	2.304
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		4.062	2.808	3.323
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		1.971	1.038	1.128
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		1.971	1.038	1.128
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		2.059	1.738	2.163
1. Proveedores		7	12	22
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		1.610	1.192	1.600
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		442	534	541
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo		32	32	32
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		253.954	249.113	247.417

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.03

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		7.656	8.819	10.151
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		17	51	33
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		50	35	600
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		7.588	8.733	9.518
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		82	32	15
3. Gasto por axudas e outros				
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		13	6	
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-97	-73	-135
7. Outros ingresos de explotación		485	472	1.215
8. Gastos de persoal		-1.269	-1.364	-1.492
a) Soldos, salarios e asimilados		-980	-1.072	-1.152
b) Cargas sociais		-288	-291	-341
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-6.961	-7.524	-9.769
a) Servizos exteriores		-6.838	-7.249	-9.733
b) Tributos		-124	-275	-35
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-8.740	-7.498	-6.475
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		7.230	7.045	5.287
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferenca negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados		-7		
Gastos excepcionales		-18		
Ingresos excepcionales		11		
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		-1.608	-85	-1.203
16. Ingresos financeiros		11	5	15
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		11	5	15
17. Gastos financeiros		-294	-29	
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.		-294	-29	
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		-283	-24	15
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		-1.891	-110	-1.188
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		-1.891	-110	-1.188
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas		15.778	11.233	12.818

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.03

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)	15.778	11.233	12.818
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Subvencións recibidas	-14.814	-15.673	-13.809
	2. Doazóns e legados recibidos	-1.004	-1.004	-1.004
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	-15.818	-16.677	-14.813
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	-40	-5.445	-1.995
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	-1.931	-5.554	-3.183

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.04

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-1.891	-110	-1.188
2. Axustes no resultado	1.780	478	1.059
a. Amortización do inmovilizado (+)	8.740	7.498	6.475
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	-12		
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-7.230	-7.045	-5.401
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-11	-5	-15
h. Gastos financeiros (+)	294	29	
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	3.404	-436	-1.107
a. Existencias (+/-)	-8	6	
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	2.177	427	-1.086
c. Outros activos correntes (+/-)	1	-1	
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	35	-869	-21
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)	1.200		
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-283	-24	15
a. Pagos de intereses (-)	-294	-29	
b. Cobros de dividendos (+)	11		
c. Cobros de intereses (+)		5	15
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	3.010	-93	-1.221
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-9.639	-4.605	-4.127
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-55	-9	-52
c. Inmovilizado material (-)	-9.584	-4.597	-4.075
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)	4.228		
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)	4.228		
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-5.411	-4.605	-4.127
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	7.190	3.600	4.296
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	7.190	3.600	4.296
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro	-506	40	
a. Emisión		40	
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)		40	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario F.04

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
b. Devolución e amortización de:	-506		
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)	-506		
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	6.684	3.640	4.296
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	4.283	-1.058	-1.053
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	467	4.750	3.692
EFFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	4.750	3.692	2.639

